

CURSOS TEMPADA 2024-2025

HISTORIA DA ARTE

ARTE E SOCIEDADE NA ESPAÑA DOS SÉCULOS XX E XXI

23 outubro 2024 – 23 abril 2025



Equipo Crónica. *El intruso*, 1969

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: Ana Pereira Molares

Lugar: galería A3, planta baixa

Datas: do 23 de outubro de 2024 ao 23 de abril de 2025

Horario: MÉRCORES de 19.00 a 20.30

Total sesións: 22

PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do **17 de setembro**

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da AAM Agrupación Amiga do MARCO e para estudantes, previa acreditación).

Posibilidade de pagamento fraccionado nos termos que se detallan na ficha de inscrición.

Arte e sociedade na España dos séculos XX e XXI

A arte non pode entenderse en toda a súa extensión fóra do contexto da súa época, afirmación que cobra un sentido máis profundo se cabe no caso español, onde os numerosos cambios políticos e sociais que experimentou o noso país ao longo de máis de 100 anos se van traducir ineludiblemente nunha realidade artística complexa e cambiante.

Dende o reinado de Alfonso XIII, co que comeza o século XX, ata a actualidade, España foi testemuña dos sistemas políticos máis variados: monarquía, ditadura, república, guerra civil, posguerra ditatorial e autárquica, ata chegar á situación actual, e cada un destes períodos tivo un desenvolvemento artístico propio e peculiar, en moitas ocasións orientado a facer esquecer ou a reformular o comportamento da arte da etapa anterior.

En xeral, ata ben entrada a segunda metade do século XX, estamos ante un panorama artístico marcado máis por un apego á tradición que á innovación, se ben isto non significa que non existise un coñecemento do que estaba a acontecer no contexto internacional, ao que nos achegamos con distintos graos de intensidade segundo as épocas.

Este novo curso de arte ten como obxectivo realizar unha aproximación crítica á creación artística que se desenvolveu no noso país ao longo do século XX e os primeiros anos do XXI.

PROGRAMA / CALENDARIO

23 outubro 2024 – 23 abril 2025

NOTA: calendario suxeito a posibles cambios, que no seu caso se comunicarán con antelación.

Sesión 1 (mércores 23 outubro)

O contexto español nas primeiras décadas do século XX e a súa repercusión na arte.
A arquitectura: do modernismo ao historicismo monumentalista (I)

Sesión 2 (mércores 30 outubro)

El contexto español en las primeras décadas del siglo XX y su repercusión en el arte.
La arquitectura: del modernismo al historicismo monumentalista (II)

Sesión 3 (mércores 13 novembro)

Escultura e pintura en España de 1900 a 1930. A diversidade peninsular (I)

Sesión 4 (mércores 20 novembro)

Escultura e pintura en España de 1900 a 1930. A diversidade peninsular (II)

Sesión 5 (mércores 27 novembro)

A arquitectura inicia o camiño da modernidade: o Racionalismo

Sesión 6 (mércores 4 decembro)

Os cambios renovadores nas linguaxes plásticas da década dos 30

Sesión 7 (mércores 11 decembro)

E O caso galego. A chegada da xeración *Os Novos*

Sesión 8 (mércores 18 decembro)

A arte toma partido: a Guerra Civil e a súa repercusión artística

Sesión 9 (mércores 8 xaneiro)

Os primeiros anos da posguerra. Arquitectura e ideoloxía

Sesión 10 (mércores 15 xaneiro)

Pintura e escultura da posguerra. Os mestres da arte tradicional e a renovación dende dentro

Sesión 11 (mércores 22 xaneiro)

As poéticas do exilio

Sesión 12 (mércores 29 xaneiro)

O final da posguerra: 1957, final e principio. O desenvolvemento dunha nova linguaxe arquitectónica

Sesión 13 (mércores 5 febreiro)

Escultura e pintura na España do desenvolvemento: as poéticas informalistas. O caso galego (I)

Sesión 14 (mércores 12 febreiro)

Escultura e pintura na España do desenvolvemento: as poéticas informalistas. O caso galego (II)

Sesión 15 (mércores 19 febreiro)

As tendencias figurativas. A interpretación galega (I)

Sesión 16 (mércores 26 febreiro)

As tendencias figurativas. A interpretación galega (II)

Sesión 17 (mércores 12 marzo)

Os anos 80 e 90: as décadas douradas da arte española: o auxe da arquitectura (I)

Sesión 18 (mércores 19 marzo)

Os anos 80 e 90: as décadas douradas da arte española: o auxe da arquitectura (II)

Sesión 19 (mércores 26 marzo)

O comportamento escultórico e pictórico nas últimas décadas do século XX (I)

Sesión 20 (mércores 2 abril)

O comportamento escultórico e pictórico nas últimas décadas do século XX (II)

Sesión 21 (mércores 9 abril)

O fenómeno da creación artística no novo século: diferentes tendencias arquitectónicas (I)

Sesión 22 (mércores 23 abril)

As artes figurativas: morte e resurrección das canles expresivas tradicionais

Ana Pereira Molares é doutora en Historia da Arte, e ao longo da súa carreira profesional compaxinou a docencia cun intenso labor investigador, centrado fundamentalmente na arquitectura galega da Idade Moderna, que tivo o seu froito en numerosas publicacións. Nos últimos anos, esta liña de investigación deu paso a reflexións noutros ámbitos das artes, como a presenza das mulleres na creación artística ao longo da historia. Un claro exemplo é o seu estudo sobre 'Pintoras viguesas do século XX', que constituíu o seu discurso de ingreso no Instituto de Estudos Vigueses, como a primeira muller que foi nomeada membro da devandita institución. A estes traballos de carácter docente e editorial únese a súa actividade como conferenciante, colaboradora de prensa, comisaria de exposicións, e a súa participación en numerosos congresos. Foi profesora responsable do programa de didáctica da Historia da Arte de Caixanova (actualmente Afundación/Abanca), e dende 2003 colabora co MARCO impartindo cursos de Iniciación á Arte Contemporánea para adultos.